



NOTA INFORMATIVA DA XERENCIA DO 14 DE XUÑO DE 2020, SOBRE A NOVA NORMALIDADE NO ÁMBITO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

No Diario Oficial de Galicia núm. 115-bis publicouse o *“Decreto 90/2020, do 13 de xuño, polo que se declara a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril de 2020 e, polo tanto, a entrada na nova normalidade, con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020.”*

Polo tanto, en resumo, as consecuencias establecidas nese decreto son:

- Supérase a fase III e Galicia entra na situación de nova normalidade prevista no Acordo do Consello de Ministros do 28-04-2020, desde o 15-06-2020.
- A partir desa data, quedan sen efecto as medidas derivadas do estado de alarma.
- Aplícanse as medidas establecidas no Plan territorial de emerxencias de Galicia debido á situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta do 13-03-2020 (DOG 13-03-2020, núm. 50-bis).
- Aplícanse as medidas do Acordo do Consello da Xunta do 12-06-2020 (DOG 13-06-2020, nº 115).

Como consecuencia dos efectos da entrada en vigor do Decreto 90/2020 e, consecuentemente, do Acordo do Consello da Xunta do 12-06-2020; as previsións establecidas na Resolución reitoral do 08-05-2020 sobre o retorno progresivo á actividade presencial na Universidade da Coruña (UDC) e na Nota aclaratoria do 22-05-2020 do Xerente sobre a avaliación de persoal vulnerable ao COVID-19 e a conciliación familiar nas fases 2 e 3 da dita Resolución reitoral, vense modificadas nas datas previstas: obviamente, a nova normalidade iníciase en Galicia **ás 00.00 h do día 15 de xuño de 2020.**

En tanto non se dispoña mediante unha nova resolución reitoral, mantense o disposto na antedita Resolución reitoral do 08-05-2020 e na referida nota aclaratoria do xerente no apartado 4º.- Nova normalidade:

“Nesta situación poderanse manter as condicións de conciliación establecidas na Fase 3 ata o día 31 de xullo de 2020, coa prestación do traballo de xeito non presencial sempre que efectivamente se poida realizar, e acceda a persoa responsable do servizo/unidade administrativa/centro.”

A situación á que se refire ese apartado 4º é a definida no apartado 3º; isto é:

“A conciliación familiar e laboral nesta fase será, ademais da establecida pola normativa vixente:

Código Seguro De Verificación	42WoQAMr072i9P1W/RwwBg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	14/06/2020 19:55:05
Observacións		Páxina	1/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/42WoQAMr072i9P1W/RwwBg==		





- *Quen teña ao seu cargo menores (máximo 12 anos) ou maiores dependentes e se vexa afectado, de ser o caso, polo peche de centros educativos ou de maiores, e non sexa compatible a súa situación persoal con medidas especiais de flexibilidade da xornada laboral, poderá continuar a prestar o seu traballo de xeito non presencial sempre que efectivamente se poida realizar, e acceda a persoa responsable do servizo/unidade administrativa/centro.”*

No que se refire ás consecuencias do Decreto 90/2020 e ás medidas establecidas no Acordo do Consello da Xunta do 13-06-2020, sinálanse de xeito non exhaustivo a seguir aquelas que máis directamente afectan á UDC:

- Desde as 00.00 h do día 15 de xuño de 2020, quedarán sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma adoptadas polo Goberno do Estado; é dicir, aquelas recollidas no Real decreto 463/2020 (BOE 14-03-2020).
- Polo tanto, a partir desa data, deixarán de se prorrogar de xeito extraordinario máis comisións de servizo coa indicación COVID-19.

En canto ás medidas contidas no Acordo do Consello da Xunta do 13-06-2020 salientables para a actividade da UDC, sen contar coas Obrigas xerais nin coas Normas xerais de hixiene e protección (apartados 1 e 2 do dito acordo), transcríbense as seguintes:

- *“3.1. Medidas en materia de control de capacidade.*
 - 1. Os establecementos, instalacións e locais deberán expor ao público a capacidade máxima, que deberá incluír os propios traballadores e asegurar que a dita capacidade e a distancia de seguridade interpersoal se respecta no seu interior, polo que se deberán establecer procedementos que permitan o recento e control da capacidade, de forma que esta non sexa superada en ningún momento.*
 - 2. A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá procurar a posibilidade de manter a distancia de seguridade interpersoal. Na medida do posible estableceranse itinerarios para dirixir a circulación de clientes e usuarios e evitar aglomeracións en determinadas zonas, tanto no interior como no exterior, e previr o contacto entre eles. Cando se dispoña de dúas ou máis portas, procurarase establecer un uso diferenciado para a entrada e a saída, co obxecto de reducir o risco de formación de aglomeracións.*
 - 3. Cando se dispoña de aparcamentos propios para traballadores e usuarios, establecerase un control de accesos para mellor seguimento das normas de capacidade. Na medida do posible as portas que se atopen no percorrido entre o aparcamento e o*

Código Seguro De Verificación	42WoQAMr072i9P1W/RwwBg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	14/06/2020 19:55:05
Observacións		Páxina	2/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/42WoQAMr072i9P1W/RwwBg==		





acceso á tenda ou aos vestiarios dos traballadores disporán de sistemas automáticos de apertura ou permanecerán abertas para evitar a manipulación dos mecanismos de apertura.

4. De ser o caso, o persoal de seguridade velará para que se respecte a distancia interpersoal de seguridade e evitará a formación de grupos numerosos e aglomeracións, prestando especial atención ás zonas de escaleiras mecánicas, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.

5. En caso necesario, poderanse utilizar valos ou sistemas de sinalización equivalentes para un mellor control dos accesos e xestión das persoas par os efectos de evitar calquera aglomeración.

6. En calquera caso, a sinalización de percorridos obrigatorios e independentes ou outras medidas que se establezan realizaranse tendo en conta o cumprimento das condicións de evacuación exixibles na normativa aplicable.”

- Do mesmo xeito que o establecido no apartado 3.10 do dito acordo (*Reinicio de determinada actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación*), na UDC o reinicio da actividade formativa presencial decidírase por resolución xerencial, previo acordo da Comisión de Formación, na cal se establecerán as condicións de seguridade e saúde laboral que se deberán cumprir nas correspondentes accións formativas.
- De xeito análogo ao establecido no apartado 3.12 do dito acordo (*Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.*), nas residencias universitarias da UDC:

“A ocupación das zonas comúns das residencias universitarias da UDC non poderá superar o setenta e cinco por cento da súa capacidade.

Para iso cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima previsto e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.”

- Para a actividade nas bibliotecas e arquivos da UDC, seguirase o establecido nos apartados 3.14 e 3.15 do acordo:

“3.14. Bibliotecas.

1. As bibliotecas, tanto de titularidade pública como privada, prestarán os servizos para as actividades de préstamo e devolución de obras, lectura en sala, información

Código Seguro De Verificación	42WoQAMr072i9P1W/RwBg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	14/06/2020 19:55:05
Observacións		Páxina	3/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/42WoQAMr072i9P1W/RwBg==		





bibliográfica e bibliotecaria e préstamo interbibliotecario, así como o resto de actividades ordinarias propias do servizo bibliotecario, sen que na ocupación de salas podan superar o setenta e cinco por cento sobre a súa capacidade ou capacidade máxima permitida. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nelas.

2. Poderase facer uso dos medios tecnolóxicos das bibliotecas destinados para o uso público, así como de catálogos de acceso público en liña, catálogos en fichas da biblioteca ou publicacións electrónicas.

3. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

4. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no establecemento se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.”

“3.15. Arquivos.

1. Os arquivos prestarán os seus servizos de maneira presencial ou por vía telemática, mediante solicitude e petición que será atendida polo persoal técnico. Poderán realizarse actividades presenciais nos arquivos sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade máxima permitida.

2. Os cidadáns poderán solicitar a consulta presencial de ata dez documentos ou unidades da instalación física en que estes se atopen, por xornada de traballo. Estas consultas deberán realizarse nas dependencias establecidas para este fin.

4. Os dispositivos tecnolóxicos dos arquivos, destinados para o uso público dos cidadáns, poderán ser empregados por usuarios e investigadores. Estes poderán, con todo, utilizar os seus equipamentos e recursos persoais con conectividade á rede durante a súa estada nas salas de consulta ou naquelas que se habiliten para tal fin.

5. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

6. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no establecemento se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración”.

Código Seguro De Verificación	42WoQAMr072i9P1W/RwBg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	14/06/2020 19:55:05
Observacións		Páxina	4/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/42WoQAMr072i9P1W/RwBg==		





- Para a realización das actividades culturais na UDC, seguirase o disposto no apartado 3.16 do devandito acordo:

“1. Os museos e salas de exposicións, de titularidade pública ou privada, poderán acoller tanto as visitas do público á colección e ás exposicións temporais, como a realización de actividades culturais ou didácticas sen superar un límite do setenta e cinco por cento da capacidade permitida para cada unha das súas salas e espazos públicos.

Este límite máximo de capacidade aplicarase tamén naqueles eventos que impliquen concorrencia de varias persoas nun mesmo espazo, tales como actividades educativas, conferencias, talleres, concertos e, en xeral, programas públicos.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3. As visitas de grupos serán dun máximo de ata vinte e cinco persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

4. O persoal de atención ao público do museo ou sala informará os visitantes sobre as medidas de hixiene e prevención fronte ao COVID-19 que deben observarse durante a visita e velarán polo seu cumprimento.

5. Promoveranse aquelas actividades que eviten a proximidade física entre os participantes, e primaranse as actividades de realización autónoma. Reforzarase o deseño de recursos educativos, científicos e divulgativos de carácter dixital que permitan a función como institucións educativas e transmisoras de coñecemento por medios alternativos aos presenciais. Na medida do posible o uso dos elementos expostos deseñados para un uso táctil por parte do visitante estará inhabilitado.

6. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no establecemento se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.”

- Para a realización das actividades deportivas na UDC, seguirase o disposto nos apartados 3.20, 3.22 e 3.23 do devandito acordo:

“1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de vinte e cinco persoas de forma simultánea.

Código Seguro De Verificación	42WoQAMr072i9P1W/RwwBg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	14/06/2020 19:55:05	
Observacións		Páxina	5/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/42WoQAMr072i9P1W/RwwBg==			



Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata vinte e cinco persoas, sen contacto físico, e sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

3. Cada instalación deportiva deberá publicar un protocolo para coñecemento xeral dos seus usuarios e que recollerá as distintas especificacións en función da tipoloxía de instalacións que, de ser o caso, poidan preverse nun protocolo básico aprobado polo Centro de Coordinación Operativa por proposta da Secretaría Xeral para o Deporte.

4. Nas instalacións deportivas a actividade física e deportiva estará suxeita aos seguintes criterios xerais de uso:

a) Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.

b) As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.

c) Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.

d) Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberán limparse as mans cos hidroxeles que deberán estar dispoñibles nos espazos habilitados para o efecto.

e) Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións ou, na súa falta, utilizar máscara.

f) Utilizarase a máscara durante o tempo de circulación entre espazos comúns nas instalacións, salvo que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.

5. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.”

“3.22. Celebración de eventos deportivos.

1. A organización dos eventos deportivos recollidos no artigo 22 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, axustarase aos requirimentos establecidos pola normativa sectorial en vigor e polas normas que, de ser o caso, sexan aprobadas polas autoridades competentes.

2. Os organizadores de eventos deportivos deberán contar cun protocolo específico no ámbito do COVID-19, que será trasladado á autoridade competente e que deberá

Código Seguro De Verificación	42WoQAMr072i9P1W/RwwBg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	14/06/2020 19:55:05
Observacións		Páxina	6/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/42WoQAMr072i9P1W/RwwBg==		





ser comunicado aos seus participantes. Deberán incluírse no dito protocolo as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal con e entre os espectadores ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara por parte destes.

3.23. Asistencia de público en instalacións deportivas.

Sen prexuízo das competencias atribuídas no artigo 15.2 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e do establecido no punto anterior, no caso dos adestramentos, competicións ou eventos que se celebren en instalacións deportivas, poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado e que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, cun límite máximo de trescentas persoas para lugares pechados e de mil persoas tratándose de actividades ao aire libre.”

- Para a actividade nas piscinas da UDC, seguirase o establecido no apartado 3.24 do acordo:

“3.24. Piscinas.

1. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do setenta e cinco por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

2. Na utilización das piscinas procurarase manter as debidas medidas de seguridade e protección, especialmente na distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios.

3. Nas zonas de estancia das piscinas establecerase unha distribución espacial para procurar a distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios non conviventes, mediante sinais no chan ou marcas similares. Todos os obxectos persoais, como toallas, deben permanecer dentro do perímetro establecido, evitando contacto co resto de usuarios. Habilitaranse sistemas de acceso que eviten a acumulación de persoas e que cumpran coas medidas de seguridade e protección sanitaria.

4. Recordaráselles aos usuarios, por medios de cartalaría visible ou mensaxes de megafonía, as normas de hixiene e prevención que se deberán observar, sinalando a necesidade de abandonar a instalación ante calquera síntoma compatible co COVID-19.

Código Seguro De Verificación	42WoQAMr072i9P1W/RwwBg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	14/06/2020 19:55:05
Observacións		Páxina	7/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/42WoQAMr072i9P1W/RwwBg==		





5. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación do servizo axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.”

- Para a realización de actividades en salas de actos, reunión, congresos, palestras ou similares nos centros e edificios da UDC, seguirase o disposto no apartado 3.33 do devandito acordo:

“3.33. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

1. Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de trescentas persoas sentadas para lugares pechados e de mil persoas sentadas tratándose de actividades ao aire libre.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal durante a súa celebración ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.”

- No que se refire á actividade académica na UDC, hai una previsión expresa sobre o SUG no apartado 5.4 do acordo:

“5. Medidas relativas a centros docentes.

4. Para o sistema universitario galego, as universidades aprobarán un protocolo en que se regulen para toda a actividade académica as medidas de prevención axeitadas para o retorno á actividade lectiva.”

Asinado dixitalmente polo xerente da UDC.

Código Seguro De Verificación	42WoQAMr072i9P1W/RwwBg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	14/06/2020 19:55:05
Observacións		Páxina	8/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/42WoQAMr072i9P1W/RwwBg==		

